

ACCIÓN DOS CONCELLOS POLA IGUALDADE

INTRODUCCIÓN

Os Centros de Información á Muller (en adiante, CIM) son un servizo de titularidade municipal de información ás mulleres que proporcionan con carácter permanente unha intervención global dirixida ás mesmas, tendo carácter prioritario a loita contra a violencia machista. Máis en concreto, os CIM proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, información en materia de recursos e igualdade de oportunidades, así como calquera outra información encamiñada a acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sexa de forma individualizada ou a través de colectivos. Así mesmo, estenden a súa área de influencia ao colectivo de persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

A súa regulación atópase no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, *polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.*

Desenvolven o seu traballo con carácter multidisciplinar, abarcando funcións tan amplas como prestar información sobre os recursos dispoñibles; difundir campañas de sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade; informar sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades; realizar conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade; desenvolver actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade; recibir denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero ou da identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios ou fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres en todos os ámbitos, entre outras.

Asemade, anualmente os CIM teñen a obriga de elaborar unha memoria do centro na data límite do 31 de xaneiro do ano seguinte ao contido na memoria, debendo remitila ao órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia antes do 15 de febreiro do ano seguinte.

Cando menos, cada CIM debe contar cunha persoa encargada do servizo de asesoramento xurídico e outra do psicolóxico e unha delas fará os labores de dirección. Ademais, para o desenvolvemento das súas funcións, poderán contar con

persoal técnico de apoio ou administrativo. Pese ao traballo multidisciplinar antes explicado, este persoal non é obrigatorio.

A competencia para o recoñecemento e acreditación, modificación e extinción dos CIM corresponde ao órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

ANTECEDENTES

Malia existencia de 82 CIM na nosa comunidade, nunca se fixera ningún informe ou análise global sobre o sistema de asistencia á muller prestado polos concellos galegos. Por tal motivo, a consecuencia da reunión con Presidente da FEGAMP coa Asociación de Profesionais dos CIM (en adiante, ASOCIM) e coa fin de coñecer as condicións actuais de dito servizo e as necesidades do mesmo, a FEGAMP decidiu pór en marcha un estudo cuxas conclusións recolle o presente documento.

METODOLOXÍA DO ESTUDIO

Para desenvolver o presente estudio a Fegamp remitiu un cuestionario ás distintas entidades locais que prestan este servizo. Na elaboración da dita enquisa, incorporáronse tamén as suxestións de ASOCIM.

O cuestionario, formado por 11 preguntas, remitiuse o día 25 de setembro aos 82 CIM da Comunidade, recibindo en total as respostas de 74 CIM.

Cuestionario:

1. O servizo préstase a máis concellos da contorna?
2. Cal é o orzamento anual do servizo?
3. Se incluimos os gastos de persoal, ¿que importe corresponde á entidade local e cal á administración autonómica?
4. Enumere brevemente os gastos mensuais
5. Cales son os perfís profesionais que conforman o cadro de persoal do CIM?
6. A persoa responsable da dirección do centro asume tamén funcións de asesoramento xurídico e/ou atención psicolóxica?
7. Indique o tipo de relación laboral das/os profesionais do CIM.
8. En relación ao Decreto 130/2016 do 15 de setembro que regula os CIM:

- A) A persoa responsable da dirección está a tempo completo, segundo o establecido no artigo 10.1.a do dito decreto.
 - B) O CIM conta cun servizo de asesoramento xurídico e atención psicolóxica durante dez horas semanais, segundo o establecido no artigo 8.2. do dito decreto.
 - C) Procédese á substitución por ITL (Incapacidade Temporal Laboral) dentro do tempo establecido no decreto.
9. Clasificación das/os profesionais do CIM na relación de postos de traballo do Concello. Indicar cal.
10. O CIM conta cunha/cun auxiliar administrativa/o adscrita/o que realice tarefas de apoio.
11. Número de persoas usuarias ás que asisten anualmente no servizo.

En base aos datos, o estudo da asistencia á muller en Galicia estrutúrase en tres bloques de información: radiografía da rede, financiamento da mesma e dotación de recursos humanos.

CIMS MUNICIPAIS DE GALICIA


No ano 2020 Galicia dispón de 82 CIMS de titularidade municipal: 29 na provincia de A Coruña, 11 na de Lugo, 15 na de Ourense e 27 na de Pontevedra, destacando nesta distribución unha considerable diferenza numérica entre as provincias costeiras e as do interior; nótase que a suma dos CIMS da provincia de Ourense e Lugo non igualan aos existentes nunha única provincia costeira, se ben na relación CIM/poboación, a taxa de cobertura resulta máis favorable nas devanditas provincias.

A CORUÑA (29)	LUGO (11)	OURENSE (15)	PONTEVEDRA (27)
Ames	Burela	Avión	Baiona
Ares	Chantada	Barbadás	Bueu
Arteixo	Lugo	Barco de Valdeorras	Caldas de Reis
Arzua	Mondoñedo	Carballiño	Cangas
Boiro	Monforte de Lemos	Maceda	Gondomar
Boqueixón	Palas de Rei	Muíños	Grove
Carballo	Quiroga	Ourense	Guarda
Cee	Ribadeo	Pobra de Trives	Estrada
Coirós	Sarria	Xinzo de Limia	Lama
A Coruña	Vilalba	Manc. Santa Águeda	Lalín
Culleredo	Viveiro	Manc. Verín	Marín
Curtis		Manc. Conso-Frieiras	Moaña
Ferrol		Manc. Terra Celanova	Mos
Laracha		Manc. do Ribeiro	Nigrán
Melide		Viana do Bolo	Poio
Muros			Ponte Caldelas
Muxía			Ponteareas
Negreira			Pontevedra
Noia			Porriño
Ortigueira			Redondela
Outes			Sanxenxo
Padrón			Silleda
Pontes			Soutomaior
Ribeira			Valga
Santa Comba			Vigo
Santiago de Compostela			Vilagarcía de Arousa
Teo			Manc. do Salnés
Zas			
Manc. Ordes			

Relación de CIMS municipais de Galicia

Provincia	Nº de CIMS	Poboación	Nº CIMS /100.000 hab.
A Coruña	29	1.122.799	2,5
Lugo	11	336.527	3,2
Ourense	15	314.853	4,7
Pontevedra	27	944.346	2,8
Total Galicia	82	2.718.525 hab.	13,20

Tasa de cobertura respecto á poboación

Ubicación dos CIM municipais de Galicia


CIFRAS E DISTRIBUCIÓN DE USUARIAS

En 2019 os CIMs municipais galegos atenderon aproximadamente a 17.000 mulleres, só nos 74 centros analizados a cifra chega 15.591 usuarias na seguinte proporción provincial:




Gráfico 1. Número usuarias anuais do servizo (2019-2020)

Vigo é o CIM que máis usuarias atendeu no ano 2020 (1060 usuarias) seguido do centro de A Coruña (750 usuarias), no extremo contrario está o CIM de Quiroga (Lugo) con 50 mulleres atendidas o ano pasado. A media de usuarias estaría en 195 mulleres por CIM.

Segundo o artigo 3 da normativa, os CIM non poder esixir empadramento ou residencia para acceder ao servizo, agás que no municipio da demandante exista un centro propio, ou que o número de persoas atendidas procedentes doutras entidades locais supere un 30% respecto ao total.

Dos 74 CIMs que participaron na enquisa, 24 (32,43%) prestan servizo exclusivamente a mulleres do mesmo municipio, mentres que os 50 restantes (67,56%) si atenden a mulleres de concellos da contorna. Entre estes últimos están os CIM de A Coruña, Ferrol, Ourense e Vigo, de xeito que entre as sete grandes cidades préstase atención ao 49,61% da poboación galega. Hai cinco comarcas sen cobertura.




Gráfico 2: Presta servizos a mulleres doutros concellos?

	O CIM atende á contorna	Poboación de referencia
A Coruña	SI	308.375
Santiago	NON	97.260
Ferrol	SI	137.484
Lugo	NON	98.276
Ourense	SI	143.851
Pontevedra	NON	83.029
Vigo	SI	480.525
Total		1.348.800 habitantes

INCIDENCIA DA DEMANDA DE SERVIZO NOS CIM

Este indicador expresa a relación porcentual existente entre o número de mulleres usuarias do CIM e a poboación do municipio. Os datos empregados corresponden aos rexistros de atención dos CIMs ao longo de 2019 e ao último censo de poboación do INE (1 xaneiro 2020).

	Promedio por provincia (2019)
A Coruña	1.76
Lugo	1.18
Ourense	1.30
Pontevedra	0.91

Niveis da demanda por provincias

	Baixa	Media	Alta
A Coruña	0.15 – 0.88	0.89 - 2.64	2.65 – 8.94
Lugo	0.25 – 0.59	0.60 – 1.77	1.78 – 3.91
Ourense	0.13 – 0.65	0.66 – 1.95	1.96 – 4.63
Pontevedra	0.14 – 0.45	0.46 – 0.90	0.91 – 3.53

Nivel da demanda a nivel comarcal
A Coruña

Baixa	Media	Alta	Sen servizo
Ortegal	Eume	Terra de Melide	
Ferrol	Arzúa	Fisterra	
Betanzos	Ordes	Terra de Soneira	
A Coruña	Santiago	A Barcala	
Bergantiños	Xallas		
	Muros		
	Noia		
	Barbanza		

Lugo


Baixa	Media	Alta	Sen servizo
Terra Cha	Mariña Occidental		Os Ancares
Lugo	Mariña Central		Meira
	Mariña Oriental		A Fonsagrada
	A Ulloa		
	Sarria		
	Chantada		
	Terra de Lemos		
	Quiroga		

Ourense

Baixa	Media	Alta	Sen servizo
Valdeorras	Baixa Limia	Terra de Trives	Terra de Caldelas
Ourense	Verín		
A Limia	Viana		
	Terra de Celanova		
	Allariz-Maceda		
	O Ribeiro		
	O Carballiño		

Pontevedra

Baixa	Media	Alta	Sen servizo
Tabeirós-Terra de Montes	O Salnés	O Morrazo	A Paradanta
Pontevedra	Deza	Caldas	
Vigo	O Condado		
O Baixo Miño			



Incidencia da demanda por comarcas

FINANCIAMENTO DOS CIM

Segundo os datos aportados polos CIMs, a análise orzamentaria por tramos amosa o seguinte:

- Un 46 % dos CIM teñen un orzamento entre 50.000 € e 100.000 €.
- Un 27 % dos CIM teñen un orzamento menor de 50.000 €.
- Un 27 % dos CIM teñen un orzamento superior aos 100.000 €.




Gráfico 3. Orzamento anual

Se atendemos á procedencia dos fondos de financiamento:

Menos de 50.000 €		Entre 50.000 - 100,000 €		Mais de 100,000 €	
Concellos	Xunta	Concellos	Xunta	Concellos	Xunta
38%	62%	79%	21%	86%	14%

A tendencia que apreciamos é inversamente proporcional, é dicir, canto mais aumenta o orzamento e a necesidade de financiación do servizo dos CIM, mais aumenta a achega da entidade local e diminúe a da administración autonómica.

Tendo en conta que a subvención máxima é de 45.000 €, a fotografía do reparto do financiamento é a seguinte:




Gráfico 4.1. Orzamento tipo de menos de 50.000 €




Gráfico 4.2. Orzamento tipo de entre 50.000 € e 100.000 €




Gráfico 4.3. Orzamento tipo de mais de 100.000 €

Por canto á distribución do orzamento, a maior partida (80%) destínase aos gastos de persoal, un 15% invértese nos gastos de funcionamento e un 5% dedícase a actividades de programas para combater o maltrato e fomentar a igualdade.

É importante mencionar que moitos CIM comparten instalacións e recursos con outros servizos municipais, polo que os gastos mensuais son comúns e non se poden desagregar para computalos no orzamento total do CIM

Algunhas das respostas inciden no feito de que é insuficiente o gasto na realización de actividades e programas.

Provincias	Actividades e programas	Nº de CIM	Media de gasto por CIM
A Coruña	125.986,95 €	29	4.344,37 €
Lugo	31.724,90 €	11	2.884,08 €
Ourense	51.379,37 €	15	3.425,29 €
Pontevedra	105.899,64 €	27	3.922,20 €

RECURSOS HUMANOS

O artigo 10 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro recolle os aspectos relacionados cos recursos humanos. Esixe que cada CIM conte cun/cunha responsable de dirección a tempo completo (titulación superior non específica pero con formación en materia de igualdade), un responsable de asesoramento xurídico e outro en materia psicolóxica, sendo posible que un destes exerza as funcións de dirección. O texto abre tamén a porta a completar o cadro de persoal coa figura dun asesor administrativo ou outros perfís.

Dos centros analizados, un 47% funciona co cadro mínimo de persoal legalmente requirido, isto é, avogada/o e psicóloga/o. Un 48% das unidades conta ademais con outros perfís profesionais de traballado social, orientación, igualdade e por último, tan só un 5% dos CIMs contan coa axuda dun técnico/a administrativo para aliviar en tarefas de recepción ou burocracia. Se ben hai que sinalar que a maioría dos centros cómpren a esixencia legal (artigo 8.2) de ofrecer asesoramento xurídico e atención psicolóxica ao menos 10 horas/semana, un importante número de CIMs refiren nas súas observacións que o persoal xurídico e psicolóxico non está a tempo completo.




Gráfico 5. Cadro de persoal dos CIMs




Gráfico 6. Asesoramento psicolóxico e xurídico mínimo

A pesar de que a norma esixe que a figura do/a responsable da dirección estea a tempo completo, detectouse que 1 de cada 10 centros non cumpre este requisito legal, e en moitos casos, dita dirección está asumida por algún funcionario doutros departamentos municipais. Por outra banda, en máis da metade dos casos, o director ou directora ten outras funcións engadidas ás de dito cargo.




Gráfico 7. Dirección do CIM a tempo completo




Gráfico 8. Directores de centro que asumen outras funcións

Por canto á vinculación laboral dos traballadores, o 64% é de carácter permanente, se ben moitos forman parte doutros departamentos ou servizos do propio concello, e case 3 de cada 10 sinalan que a entidade local non ten aprobada a RPT ou si a ten aprobada o persoal do CIM non está adscrito a ela.




Gráfico 9. Tipo de relación laboral das/os profesionais do CIM




Gráfico 11. Clasificación das/os profesionais do CIM na relación de postos de traballo do Concello.

Na metade dos centros, en caso de incapacidade laboral temporal, non se produce substitución en tempo.




Gráfico 12. Substitución no caso de ITL

CONCLUSIÓNS:

1.- A rede municipal de información á muller en Galicia está composta por 82 CIMs distribuídos predominantemente nas provincias costeiras, se ben na relación CIM/poboación as provincias de interior saen mellor paradas.

2.- O establecemento ou apertura dun CIM non responde a criterios de distribución estratéxica en función da demanda ou da poboación, senón que depende da vontade e capacidade dos concellos. A maior parte presta servizo á concellos da contorna.

3.- Chama a atención que a forma de financiamento dos CIMs varía considerablemente en función do tamaño do municipio; mentres que nos centros o orzamento depende máis dos fondos europeos tramitados á través da Xunta de Galicia, a medida que a demanda, as necesidades e os servizos prestados aumentan, a aportación se torna, e o financiamento da actividade desenvolta no CIM recae maioritariamente nos concellos.

4.- A maior parte do orzamento dos CIMs dedícase a cubrir os gastos de persoal (80%), quedando o resto para custos de mantemento (15%) e desenvolvemento de actividades e programas para prever o maltrato e fomentar a igualdade (5%)

5.- Case a metade dos centros (47%) conta co servizo mínimo legalmente esixido de asesoramento xurídico e asistencia psicolóxica. Estes profesionais non sempre están a tempo completo e ás veces teñen que compatibilizar ditas funcións coa dirección do centro.

6.- Os profesionais refiren dificultade para prestar unha atención de calidade pola grande demanda, a falta de medios materiais e humanos; tan só un 5% dos centros contan co perfil dun auxiliar administrativo que alivie a carga burocrática ou evite interrupcións na atención ás usuarias por "ter que abrir a porta ou coller o teléfono".

7.- Máis da metade dos traballadores ten estabilidade laboral, se ben poden pertencer a outros departamentos municipais. No 27% dos centros, a entidade local non ten aprobada a RPT ou si a ten aprobada o persoal do CIM non está adscrito a ella.

RECOMENDACIÓNS:

En base á análise dos datos achegados polos CIMs e ás propias demandas remitidas á nosa institución, a Fegamp fai as seguintes consideracións:

-Neste intre, a autorización e acreditación dos CIMs por parte da Xunta de Galicia responde ás solicitudes dos municipios. Sería desexable na medida do posible, que todas as mulleres teñan garantido o acceso a un CIM. Para iso cómpre unha estratexia que estableza criterios de ubicación e prestación servizos tendo en conta factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas.

-Cabe requirir tamén unha reforma lexislativa que fixe, cando menos, ratios de profesionais en función da poboación/demanda recibida para ofrecer unha asistencia de calidade.

-Por outra banda, conviría adecuar o sistema de financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM. Actualmente, a transferencia que realiza a Xunta dos fondos da Unión Europea ten unha limitación de 45.000 euros máximo, tanto para o CIM con máis usuarias (1.060) de Vigo, como para centros que atenden a moitas menos mulleres.

-Considérase fundamental tanto para dar cumprimento ás funcións encomendadas no Decreto 130/2016, así como para prestar un servizo de calidade e avanzar na igualdade, dispoñer de persoal cun perfil dinamizador e administrativo para descargar ao persoal xurídico e psicolóxico de xeito que poidan centrarse exclusivamente na atención especializada.